

BASES DA CAMPAÑA DE APOIO Á ECONOMÍA LOCAL

“O NOSO”

1. OBXECTIVO.-

O Concello de Soutomaior a través da Concellería de Comercio convoca unha campaña de dinamización e apoio á economía local, co obxecto de fomentar de xeito directo o consumo da cidadanía no comercio local e hostalaría.

Mediante esta campaña preténdese promover as compras e fomentar o investimento no pequeno comercio e as compras na plataforma dixital municipal, que cofinancia o concello.

Para promover o interese e a participación, o Concello entregará unha planta ornamental con maceta e bolsa de compostaxe aos participantes que presenten un tícket ou varios tíckets que sumen un gasto de 25€ nos establecementos do concello, quedando excluídos os supermercados pertencentes a cadenas comerciais .

2. PARTICIPANTES.-

Poderán participar na campaña e, polo tanto, poderán ser beneficiarias nos termos establecidos nestas bases, todas as persoas que presenten os tíckets correspondentes ás compras realizadas nos establecementos de Arcade e Soutomaior no prazo establecido.

Os tíckets deberán ser orixinais e só se poderá obter un máximo de 2 plantas por persoa participante. As persoas participantes deberán presentar un tícket ou varios que sumen un gasto de 25€ nos establecementos do Concello de Soutomaior, quedando excluídos os supermercados pertencentes a cadenas comerciais.

O prazo para realizar as compras e obter os tíckets para participar na campaña dará comezo o 9 de abril e rematará o 29 de abril de 2021.

Non se admitirán tíckets de datas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

Poderase obter un máximo de 2 plantas por persoa, para o que a persoa que recolla cada planta deberá presentar o DNI ou documento identificativo.

4. ENTREGA DAS PLANTAS



As persoas interesadas en canxear os tickets por plantas deberán recollelas na carpa situada na Alameda Talo do Río de Arcade, durante os días:

- Venres 30 de abril en horario de 11 a 14 horas e de 17 a 20 horas.
- Sábado 1 de maio en horario de 11 a 14 horas.

5. ACEPTACIÓN DE BASES.-

O feito de participar nesta campaña implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

O Concello de Soutomaior resérvase o dereito para introducir, se o cre convinte, as modificacións necesarias para o bo funcionamento desta campaña.

6. INCUMPRIMENTO.-

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a exclusión da Campaña.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

